

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 14- febreiro 2022

Publicación gratuíta

Colle unha!



THAIS SUKI
GRILO

SUPERNATURAL
GRIMA

NOXO
BALA

BLACK CRAB
MILETH

A Coruña baila con Noxo e Black Crab

NA SALA FILOMATIC

Fotos de Inés Duport

O pasado sábado, a coruñesa Sala Filomatic acolleu o concerto dado pola banda punki estradesa Noxo e a banda coruñesa de rock duro Black Crab. Os dous grupos aproveitaron a situación de relaxamento xeralizado das restricións sanitarias para dar caña xuntos ante un público entregado, presentando ao vivo as cancións dos seus respectivos traballos. Rouco Son estivo alí para contarvos e ensinarvos como foi o seu directo e, como non, para bailar e disfrutar do rock ao vivo que ambas bandas derrocharon

A primeira quenda da noite foi para o cuarteto Black Crab, que comezou a súa andaina en 2019 e que conta cun EP homónimo gravado ao vivo subido nas plataformas dixitais. Dende o primeiro momento ficou claro que estabamos ante unha banda de hard rock ao estilo máis clásico, rendendo homenaxe cos seus riffs aos grandes nomes do xénero. Ao longo do concerto, os coruñeses foron alternando as cancións máis heavys con outras máis suaves e blueseiras, garantindo que o seu son fose, si, clásico, pero non estático nin aburrido.

Cabe destacar, por unha banda, o xogo entre os dous guitarristas Hugo e Gon, cumprindo tamén este último o papel de vocalista ocasionalmente. Este rol, en todo caso, estivo desenvolvido principalmente polo tamén baixista Suso, coa súa voz rasgada propia do xénero. As súas catro cordas tamén tiveron ocasión de brillar con varios momentos solistas ao longo do concerto.

A batería, por outra banda, ficou a cargo de Dani, que dirixía as cancións principalmente con tempos medios e lentos, pero tamén con ocasionais momentos rápidos nos que incluso tiña ocasión de empregar o dobre pe-





dal, para maior variedade. De feito, a banda reservou para o final a canción máis rápida, unha interpretación do clásico de Motorhead «Ace of Spades», coa que despediron o concerto ao grande. Rematou así unha actuación dinámica, fiada coa naturalidade no escenario que amosaron os músicos, e que da ganas de escoitar un traballo completo en estudio do cuarteto, que aínda está por chegar.

Colleu a testemuña ante o público que ateigaba a Filomatic o quinteto Noxo, fundado tamén en 2019 e cun álbum ás costas, *Harmónica Axiación Musical*, lanzado en 2021. A banda practica un punk rock accesible, melódico e garaxeiro, no que se alternan as cancións políticas e combativas con outras máis humorísticas e irreverentes. Unha das cousas que primeiro chama a atención da banda no escenario é a súa formación con dous vocalistas, Xoán e Sito, cumprindo este último tamén o papel de guitarrista rítmico. Os dous cantantes ían alternando o seu protagonismo nas diferentes cancións,





cada un co seu estilo particular, sendo esta unha das señas de identidade máis características do grupo.

O outro guitarrista do grupo é Vicente, que tivo o seu protagonismo cun considerable número de momentos solistas dentro do que é habitual no estilo. E completan o quinteto Lois no baixo e Román na batería. A formación ao completo tiña un son pulido e compacto, que facía desfrutar aínda máis a enerxía e o bo rolo dos seus temas. Ao igual que Black Crab, os estradenses souberon alternar os temas máis tranquis cos máis punkis e cañeiros, se ben o público, que coñecía ben as letras das cancións, vibrou igualmente con unhas e con outras. Incluso houbo algún pogo, co que se botan de menos nesta nova normalidade...

As cancións, coa brevidade propia do punk máis clásico, ían fluíndo unha tras outra entre as presentacións e as bromas de Sito e Xoán. Destacaron, por exemplo, o enérxico tema contra o profesor da USC finalmente cesado de emprego e soldo Luciano Méndez, «Vaite xa!»; a máis rifeira e disonante «Velutina»; ou a ironicamente máis tranquiliña «Fendekabezas», que conta cun videoclip animado dispoñible na canle de Youtube do grupo. Tamén houbo tempo para versións, coma o «Should I Stay or Should I Go» de The Clash, claro, en galego. E para o final ficou a rápida e pegadiza «Anomalías gravitatorias». Todas elas, por suposto, ben bailables, para o gusto do público, ao máis puro estilo festivaleiro.

En definitiva, foi un concerto divertido e enérxico, dos que tanto se botaron en falta durante estes últimos dous anos tan difíciles para a música ao vivo. Fica por ver agora cal será o seguinte paso tanto de Noxo como de Black Crab, que polo momento seguirán dando concertos polo país. Pero, a xulgar polos temas aínda inéditos que se presentaron no concerto, podemos agardar moi bos traballos por parte destas dúas bandas. Ficamos atentos!



Xíra galega de Grilo para presentar o seu novo sinxelo

“DEIXÁDEME”

Por Patty Castro



Grilo é unha banda nada en Compostela a finais do verán de 2018 e que actualmente ensaia na Estrada. Os seus compoñentes son Adrián Gómez, vocalista e guitarra, procedente do Barco; Alberte Fernández, baixista e coros, de Pontevedra; e Miguel Varela, batería e coros, de Ourense. Este grupo de colegas tivo a sorte de atoparse tomando algo cun amigo común na terraza do Agarimo en Santiago, quedaron para tocar e viron que o que facían xuntos moláballes e quixeron compartilo coa xente. Sacaron “Criminal”, o seu primeiro sinxelo, neses mesmo ano, e comezaron dar bolos con grupos referentes para eles. E, sen parar, fixeron o álbum Dálle lume (2019), con todos os temas gravados, mesturados e masterizados nos Estudios Mafia do Carballiño por Óscar Fernández “Chichi”. Logo chegou o sinxelo “Rebelión”, que foi gravado nos Estudios Pousada por Iago Pico e editado ese mesmo ano.

Presentaron todo este traballo nunha coidada actuación na Sala Capitol de Santiago, arroupados pola súa produtora Seispés, mais por desgraza apareceu a pandemia e tiveron que parar toda esa maquinaria de bolos e ensaios. Foi un tempo duro para a banda a nivel persoal; por iso mesmo, durante esa época aproveitaron para seguir compoñendo sobre os problemas que vivimos a diario, e iso fixo que as súas letras tamén beberan

dos seus pensamentos nese tempo e puideran darlle un carácter máis intimista, máis cargado de preguntas sobre quen somos e como nos vemos a nós mesmos nesta sociedade. Así pois, están aquí outra vez, con ganas de quitarse o óxido a golpe de rock poderoso, alternativo, unha mezcrolanza pesada e directa coa lingua galega como forma de transmisión.

Xa hai datas para a presentación do seu último traballo, o sinxelo “Deixádeme”, un tema adicado a figura de Chris Cornell onde falan de como a ansiedade por verte nun sitio que non é o teu pode aparecer en calquera lado, tomando algo cos amigos ou tocando diante de moita xente. Como xa tristemente coñecemos, o mítico vocalista de grupos como Soundgarden ou Audioslave quitouse a vida. Era unha persoa que semellaba telo todo, máis nada é tan perfecto como parece, e disto fala Grilo; unha aposta arriscada e ben necesaria nuns tempos onde ter unha boa letra e uns bos valores como banda é todo un logro. Con este novo tema baixo o brazo, os rapaces de Grilo están desexosos de poder tocar e desfrutar co público, e o farán no Barco, en Pontevedra, en Lugo, en Ourense e en Melide, entre o 25 de febreiro e o 26 de marzo. Apuntade a vosa data máis próxima no calendario! Auguramos un futuro proveitoso e saudable para os cantos deste Grilo.

GRILLO

DEIXÁDEME

I/II
TOUR 2022

25/02 | O BARCO | SALA BARANDA
5/03 | PONTEVEDRA | SALA KARMA
12/03 | LUGO | CLUB CLAVICÉMBALO
19/03 | OURENSE | AURIENSE
26/03 | MELIDE | PUB GATOS

Seispés
PRODUCCIÓN CREATIVA

Thais Rudiño é unha cantante e compositora amesá que hai dous anos comezou a súa carreira en solitario baixo o nome de Thais Suki, logo de ter feito parte de varios grupos de rock galegos. Tomando o nome do alcume agarimoso co que lle chama a súa familia dende pequena, a vocalista aposta por un pop rock cañeiro, no que mestura as baladas coa súa afición polos sons máis duros. Foi con estes últimos cos que se deu coñecer a nivel estatal en 2016 como concursante do concurso de talentos La Voz en Telecinco, destacando pola súa voz potente e rasgada e chegando ser finalista como parte do equipo de Alejandro Sanz. Porén, dende entón ten demostrado ser unha cantante moi versátil, que se atreve con diferentes estilos e cunha traxectoria que vai moi alén da súa participación no programa.

Como artista en solitario ten editados varios sinxelos, e tamén comparte de cotío interpretacións tanto de material propio como de versións nas súas redes sociais ou na súa canle de Youtube. Ademais, foi membro de grupos como Ith, cos que gañou en 2011 o concurso de bandas do Millarock, ou Supernatural, agrupación que compartiu con membros de destacadas formacións galegas de rock duro e metal, como Dani Lemos de Nocheni ou Fran Almodóvar e Suso Valcárcel de The Mirage. Con esta banda, que naceu en 2015 e rematou a súa andaina en 2019, editou un álbum con dobre versión, Nada que Fingir en castelán e Nothing to Pretend en inglés, que tivo unha gran acollida entre o público e os medios especializados. Ademais, tamén estivo en proxectos como o de Mulleres Galegas Kañeras, participando nas cancións “Somos” e “Conciénciate xa!” xunto a decenas de músicas galegas, e foi profesora da Casa do Rock en Compostela.

Agora, ademais de levar adiante a súa carreira musical, tamén é parte do profesorado da academia de Comando G, un concurso de talentos de celebridades da Televisión de Galicia co que a artista amesá regresa á televisión despois do seu paso por La Voz. Falamos con ela para que nos conte máis detalles sobre a súa traxectoria e os seus vindeiros proxectos.



A pandemia ralentizou os teus proxectos en solitario, que comezaron en 2020 con sinxelos como “Cansada” ou “Quiero ser”. Cando poderemos escoitar o novo sinxelo de Thais Suki?

Pois agardo que en poucos meses. A pandemia parou moito as engrenaxes do proxecto; hai moitas cancións esbozadas, e voltar arrincar todo está levando o seu traballo.

Tes comentado que o teu plan é comezar a amosar os teus temas tamén en eléctrico. Algo máis que nos poidas avanzar ao respecto disto?

Ando “reclutando” aos músicos que me van acompañar nesta

viaxe. O que quero, é empezar a rodar todo de cara o verán, e tendo fe de que os concertos e eventos volvan ser como antes. Todo o mundillo quedou moi descolgado por esta situación pandémica.

Tanto nos concertos como na túa canle de Youtube combinas os temas orixinais coas versións. Vas seguir mesturando ambas facetas ou vas priorizar as túas composicións propias?

Mentres presente os meus temas, seguirei incluíndo algunhas versións nos concertos, pero cada vez menos. A prioridade pouco a pouco, será dar importancia aos temas propios.





Thais Suki:
“Déixome
fluír, non
me encerro
pensando en
se vou facer
pop ou vou
facer rock”



Co lanzamento de “Cansada”, comentaches en entrevistas que querías facer algo distinto ao estilo de rock duro co que te diches a coñecer inicialmente, para amosar a túa versatilidade. Poderíamos dicir que xa é un reto superado?

Levo dende os meus comezos musicais cantando un estilo moi agresivo, e versionando temas do metal, heavy, rock,... Quero ir máis alá, pero sen renegar do rasgado vocal, que é algo que me caracteriza. Con isto non digo que me deixaran de gustar eses estilos. Escoito e intento compoñer de todo. Máis ben é que me deixo fluír, non me encerro pensando en “vou facer pop, ou vou facer rock...”.

Antes da túa carreira en solitario fuches parte de bandas como Supernatural, con músicos de bandas de rock duro e metal como The Mirage ou Nocheni. Hai uns poucos meses publicaches unha versión ben heavy do “Blow” de Ed Sheeran coa colaboración do produtor Iago Pico ou do teu compañeiro en Supernatural Suso Valcárcel. Así que poderíamos dicir que é un mundo ao que segues vencellada, non?

Facer esa cover foi un pracer! Con xente de 10 e súper profesional. Estou desexando que me lian para outra aventura musical. O tema do rock e demais estilos cañeiros, é algo innato, pí-

demo o corpo! Pero é como dicía antes, non me fecho en banda pensando que teño que compoñer “tal cousa”, ou “tal outra”. Se me sae algo potente encantada, e se sae algo tranquilo pois tamén. O que non me gustan son as etiquetas.

Outra banda á que pertenciches na túa traxectoria foi Ith, coa que gañaches o concurso de bandas do Millarock en 2011. Fan falla máis iniciativas a nivel institucional como estas para promover a música rock galega?

Fai falta máis apoio á música e aos músicos en xeral. Abrir a mente e as orellas a máis estilos. Non deixa de ser unha



forma de expresarse, unha arte. Merece respecto e merece ser coidada.

E xa para rematar, ademais da túa traxectoria estritamente musical, recentemente volvíches á televisión, despois do teu célebre paso por La Voz en 2016, da man do programa Comando G da TVG. Que tal está sendo a experiencia?

Pois é algo diferente, algo que nunca fixera, saír da miña “zona de confort”. Podería dicirse que nel teño unha especie de rol de actriz; e estou encantada por esa oportunidade que me brindaron. Foi moi divertido. Graciñas pola entrevista, unha aperta grande!



SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com

UNHA DEFENSA DO AUTOTUNE DENDE O ROCK

A música en galego no seu conxunto deu, independentemente do resultado final un gran paso adiante no Benidorm Fest, gracias a Tanxugueiras. O trío de pandereteiras, xunto ao resto dun equipazo que inclúe ao produtor Iago Pico, que xa temos entrevistado nas nosas páxinas, estivo ás portas de ser seleccionado para participar en Eurovisión. Xa de por si, este feito deu lugar a multitude de debates de distinta índole, pero o que está claro, a pesar da polémica decisión do xurado, que impediu que foran elas as elixidas para representar ao Estado no festival europeo, Tanxugueiras logrou visibilizar a música galega dun xeito apenas sen precedentes. Porén, esta cuestión non é a única que deu moito que falar en relación á preselección estatal de Eurovisión deste ano.

Tamén xerou moito debate, incluso aquí na escena rockeira de Galicia, a retirada de Luna Ki a última hora do proceso de selección, días antes de participar nese Benidorm Fest para competir pola praza en Eurovisión. A artista catalá argumentou que a súa abrupta saída se debeu á confirmación, tamén a última hora, de que non podería empregar determinados softwares de procesamento vocal na competición, pola normativa da propio festival europeo. Independentemente das circunstancias exactas desta retirada, que está sendo bastante debatida en medios e en redes, isto devolveu á primeira liña a vella discusión sobre tecnoloxías como o autotune. É lexítimo empregalas? É mellor ou peor a música que as emprega? Ten a súa existencia consecuencias nefastas para a música?

Neste debate, realmente, as posturas están sobradamente desenvolvidas. O autotune e compañía, á fin e ao cabo, non son cousas novas, xa levan moitos anos máis que asentadas na industria musical, aínda que moitos se resistan a aceptalas. De feito, en Galicia xa vivimos un dos enésimos capítulos desta batalla en febreiro do ano pasado, cando as propias Tanxugueiras sacaron «Midas». Neste tema incorporaran fragmentos con autotune, na liña que levan seguindo especialmente este último ano de mesturar a tradición galega con sons máis actuais, como puidemos comprobar tamén en «Figa» e en «Terra», a súa proposta eurovisiva. E non foi pouca



Tanxugueiras, ao rematar a súa actuación na semifinal do Benidorm Fest

cousa a discusión, especialmente nunha escena dada moitas veces ao purismo como é a da música tradicional galega.

Un debate que vén de lonxe

Aínda que as posturas sobre este tema sexan xa coñecidas, é destacable o feito de que o groso das persoas que saen en defensa do autotune sexan as máis vencelladas e seguidoras dos estilos onde o seu uso explícito é máis habitual, como poden ser certos estilos do pop, da electrónica, do hip hop ou da música latina. E moitas das críticas veñen de xente da órbita de xéneros onde este uso explícito aínda non é frecuente, como é o citado caso da música tradicional, e tamén o caso do rock e os seus derivados. Hai excepcións, por suposto, xa que, de feito, a canción da propia Luna Ki non deixa de ser en si unha canción de pop rock alternativo que verdadeiramente destacaba na tónica xeral do Benidorm Fest. Dende Rouco Son non queríamos deixar pasar a oportunidade de dar a nosa opinión sobre a cuestión como revista especializada en rock, punk e metal.

Por que se da entre moitos seguidores destes estilos ese rexeitamento ata visceral do autotune? O primeiro que cabe diferenciar é que este tipo de tecnoloxías poden ser empregadas de distintas maneiras: nas súas configuracións máis sutís resultan case imperceptibles, de xeito que corrixen as

pequenas desviacións da tonalidade dun vocalista sen que se note apenas o truco. Neste aspecto, non é algo diferente a calquera outra técnica empregada no estudio de gravación, algunhas delas dende hai moitas décadas, para pulir a interpretación dun músico, dende a gravación e edición de varias tomas ata efectos que de facto disimulan certos erros, como a reverberación ou a distorsión.

Logo, nas súas configuracións máis extremas, cando a corrección da entoación é máis estrita, dan lugar a un efecto claramente audible de voz que poderíamos chamar robótica. Todo canto, por moi perfecta que sexa a súa entoación, ten unhas oscilacións naturais, as notas flúen en certo modo entre elas; corrixilas de xeito tan severo da lugar a ese son futurista e electrónico, que tanto se presta para certos estilos. Este tipo de uso, que é o que adoita desatar as maiores críticas, pasa de ser un mero mecanismo para facilitar a labor de gravación dunha canción a ser un elemento estético que pode chegar ata a ser fundamental e case imprescindible nun estilo, como pode ser o caso da distorsión nas guitarras do metal. Cabe destacar que se trata, en todo caso, dun uso totalmente honesto: todo o mundo que escoite a un cantante empregar esta configuración de autotune vai saber que o está empregando. Non hai trampa nin cartón.

Unha preconcepción falsa que

moitas veces se ten deste xeito de empregar o autotune é a de que este efecto, por si só, fai que calquera cousa sone ben, e que polo tanto ata o cantante máis inepto é capaz de soar ben gracias a el, «enganando» aos oíntes. Porén, empregar autotune non basta polo momento para soar aceptable, nin moito menos. Calquera pode facer a proba cun software de balde como pode ser Audacity, que dispón de plugins de corrección da entoación gratuítos: esta corrección non arranxa unha interpretación terrible; saber cantar de xeito minimamente básico segue a ser necesario.

O autotune non fai milagres

É certo que facer soar ben unha interpretación desastrosa é posible con moito procesamento, e proba diso son os discursos de líderes políticos e demais personaxes públicos que son convertidos en cancións con obxectivos humorísticos, coa axuda de moitas ferramentas de edición de audio. Pero aínda así, o resultado é relativamente identificable e artificioso. Non é, dende logo, o caso dos éxitos dos grandes artistas que empregan o autotune, nin tampouco o caso de Luna Ki, que obviamente teñen un enorme traballo de produción detrás, pero tamén unha interpretación como mínimo competente. O feito de que esta última se negase a cantar o seu tema a capella na televisión, optando sim-



plemente por recitar a súa letra como un poema, non axudou a despexar as dúbidas, pero é evidente que no estudio cantou moito máis ca iso para lograr o resultado final.

Debe ser a música “difícil”?

E en todo caso, realmente, cal é o problema de que facer música sexa cada vez máis doado? Por que se supón que isto tería que ser malo? Ao longo da historia, os avances tecnológicos foron permitindo que interpretar música estea cada vez ao alcance de máis xente. A invención do micrófono no seu momento, fixo que deixase de ser necesario cantar nun estilo operático, tecnicamente moi demandante, para poder encher co son dunha voz grandes espazos. No seu momento, os estudos de gravación requirían que a música fose gravada de xeito impecable en directo polos instrumentistas; agora, está ao alcance de cada vez máis xente ter un estudio caseiro con técnicas para gravar a músicas e músicos de xeito máis que competente sen a necesidade de que fagan as súas tomas perfectas á primeira. As baterías programadas electronicamente, outrora facilmente identificables, soan cada vez máis e máis parecidas a unha batería real.

Con cada avance, a creación musical vaise democratizando, e vai sendo cada vez máis accesible a máis xente, sen necesidade dunha formación custosa en tempo e recursos. E todos estes avances permitiron que aparecesen moitos novos estilos musicais, o rock entre eles. Fixo todo isto que desaparecese a música académica? Que ninguén quixese aprender música clásica por ser relativamente máis doado tocar rock? Non. Vai facer o autotune que todo o mundo deixe de apren-

der a cantar? Tampouco. De feito, hai hoxe moitos máis músicos formados e máis cultura musical que hai trinta anos. E seguramente, nos próximos anos aparecerán novas ferramentas que fagan que o proceso de crear e interpretar música sexa cada vez máis e máis doado. E iso será positivo, pois non irá en detrimento dos xeitos anteriores de facer música, senón que simplemente permitirá que apareza moita música nova por parte de novos compositores e intérpretes.

O curioso é que os seguidores do rock, do punk ou do metal non sexamos precisamente os primeiros en abrazar e aceptar as ferramentas como o autotune e os estilos que as empregan. A música que nos gustan foi mil veces despreciada, e aínda o segue a ser, con argumentos moi similares aos que se empregan agora para criticar o reggaeton ou o trap. Que é só ruído, que iso o pode facer calquera, que iso non é cantar... Sufrimos como ninguén esa incompreensión, e por suposto sabemos que esas acusacións son falsas. Pero non por iso podemos vingarnos aplicándoas a outros estilos, porque só pode volver na nosa contra.

Nós sabemos que hai moito rock, punk ou metal moi demandante a nivel técnico, pero tamén o hai moi doado de tocar, e non por iso é en absoluto peor. Todos veneramos a grupos que mesmo admitían ter unhas capacidades técnicas moi moi reducidas, que compensaban sobradamente noutros aspectos igualmente importantes. E do mesmo xeito, hai música urbana excelente feita por cantantes cunha técnica impresionante, e música urbana excelente feita por cantantes cunha técnica escasa. E tamén hai música urbana

mala, igual que hai rock malo. Hai de todo en todos os estilos. É certo que algúns estilos do rock son tecnicamente máis demandantes que algúns estilos urbanos, pero iso non os fai mellores nin peores. Tamén adoita ser tecnicamente máis demandante a música clásica ou o jazz que o rock, e non por iso é necesariamente mellor ou peor.

Hai que asumir que toda música ten uns determinados obxectivos, uns determinados parámetros polos que ser xulgada, e en cada estilo son distintos. Hai música que está feita para ser pegadiza e bailable, e en tanto consegue ese obxectivo, é boa música. E seguramente, unha canción de black metal non sexa boa nese senso, pero si o sexa tendo en conta outros parámetros. Cada xénero ten o seu rexistro, e non poden ser xulgados todos por unha mesma medida universal; non se pode falar de música boa ou mala en abstracto, senón de música que cumpre ou non cumpre axeitadamente unha determinada función, e polo tanto é boa ou mala segundo ese criterio. Partindo disto, non hai estilos mellores ou peores, senón que todos teñen algo que aportar.

Por poñer outro exemplo, hai concertos de música trap onde realmente a música non se interpreta en directo, senón que o DJ a reproduce íntegra mentres que o cantante interactúa máis ou menos co público, interpretando ás veces pouco máis que frases puntuais. Pero isto é porque o que se busca ao acudir a un evento así non é presenciar unha interpretación impecable, senón estar nun determinado ambiente. Seguramente, o nivel de calidade técnica dun concerto de hardcore punk crú, intenso e sen artificios, tampouco se poida

comparar ao dunha interpretación sublime dunha orquestra sinfónica á que o público asiste sentado para non perder detalle. E non pasa nada, é absurdo comparar calquera destes xéneros tan distintos. Todos se poden desfrutar en cada momento. Non nos teñen que gustar todos, por suposto, pero iso non é motivo para despreciar ningún.

Tempo de mestizaxe

Tamén temos que asumir que o tempo de máxima popularidade comercial do rock pasou, e agora tócalles a outros xéneros. Pero de verdade nos ten que importar que estilo concreto teña a máxima popularidade comercial neste momento? Ao final, o mainstream sempre foi mainstream, coas súas cousas boas e as súas cousas malas, e o underground sempre foi underground, coas súas vantaxes e as súas desvantaxes. E non podemos negar que o feito de que algo sexa underground tamén ten o seu encanto. Non todo pode nin debe ser o máis popular en todo momento.

Oxalá estes debates acaben por transformarse nunha comprensión mútua e unha colaboración cada vez maior entre as escenas dos diferentes estilos. Porque en Galicia temos unha escena tremenda de música rock, e tamén unha escena tremenda de música urbana, por exemplo. E canto máis nos axudemos entre ambas, mellor será para todos. Seguramente, máis cedo que tarde se combinarán con absoluta normalidade as voces con autotune e as guitarras distorsionadas. E oxalá en Eurovisión e en calquera festival mundial vexamos non só cancións en galego, senón tamén autotune, e tamén hardcore e metal extremo.



Grima e Bala

suman forzas no novo sinxelo


«Sed»

Dous dos dúos que máis están dando que falar da escena galega dos últimos anos, Grima e Bala, que xa tiñan amosado previamente a súa boa sintonía, colaboran por fin no novo tema «Sed». Esta canción é un adianto do próximo traballo de Grima, que se titulará A Ver Ahora e que a banda pontevedresa presentará cunha xira por salas que está a piques de comezar, e que a partir do 25 de febreiro lles levará por toda Galicia ademais de por Portugal, Cataluña, Madrid ou Andalucía.

O videoclip que xuntou ao dúo pontevedrés coas coruñesas Bala, que veñen de sacar un álbum, Maleza, coa mítica discográfica Century Media, foi dirixido pola propia batería de Bala, Violeta Mosquera, e editado en conxunto con Marcos Vázquez. Consumouse así unha das colaboracións máis esperadas da escena musical galega. A promotora de Grima, Galunk Produccións, define este traballo como «un tema agresivo e enérxico cun videoclip á súa altura: oscuridade, sangue, ritmo frenético, coitelos e calaveras», que «non deixará indiferente a ninguén». O sinxelo xa está dispoñible en Youtube e tamén en todas as principais plataformas dixitais.



As coruñesas Bala colaboran no novo sinxelo de Grima



Ambas bandas mesturan rock alternativo, punk e metal e alternan temas en castelán, inglés e galego

Aínda que fan estilos distintos, ambas bandas se caracterizan por mesturar en diferentes medidas rock alternativo, punk e metal, e tamén alternan temas en castelán ou en inglés con outros en galego. Xa puideramos ver guiños entre ambas, por exemplo, cando as coruñesas mencionaron a Grima na súa entrevista con David Broncano en La Resistencia. Cabe ver se chegarán a compartir escenario interpretando a súa colaboración nesta xira de presentación de A Ver Ahora, o seu segundo traballo completo de estudio despois de A ver a que sabe, e que despois de adiantos como «You choke me» ou este «Sed» cada vez hai máis ganas de escoitalo na súa totalidade.




Os pontevedreses Grima presentarán en xira o álbum A Ver Ahora

MILETH

Crónica de Patty Castro

NA REBULLÓN DE MOS



Xa caía o resío pola noite do sábado 27 de novembro nos arredores da sala Rebullón de Mos. Era unha noite fría, pero na sala estabamos moi a gusto agardando o concerto. Comezaron á hora pactada os valencianos Cuélebre, un grupo de folk medieval e pagán. Cuélebre busca a inspiración nas raíces da península ibérica e a súa mitoloxía, amosando así letras baseadas en escritos feitos sobre deidades de orixe prerromano. Cun universo celtíbero de fondo, a música xurde a través dun compendio de instrumentos medievais e sons atmosféricos, recreando rituais precristiáns ligando a vida e a morte. Un gustazo escoitar a voz de Judit, a frauta de Budy, a percusión de Mario, as cordas de Sammy, o didgeridoo de Víctor e a zanfona de Yhandros. Un gustazo escoitar a este sexteto e gozar da súa curiosa posta en escena. A verdade é que foron un inicio de concerto moi acertado para o que viña a continuación.

Estaba claro que a xente estaba con moita gana de escoitar a Mileth. O grupo, despois da corentena, non tivera oportunidade de poder xuntarse nun escenario, e aínda por

riba tocar en casa era algo moi espedado, a expectación facíase patente. Como apuntamento sobre o nome do grupo e o estilo que practica dicir que, Mileth é un grupo que practica metal pagán galaico, unha mestura entre metal extremo, folk e elementos tomados da música tradicional galega. E o nome do grupo fai

Comezaron a festa da mellor maneira, dando todo, cunha posta en escena moi coidada, misturando o ambiente folk cos instrumentos propios do metal extremo

referencia a Miledh, personaxe da mitoloxía galega e irlandesa, neto de Breogán. Segundo a lenda, é o devanceiro de todos os irlandeses. Foron os seus oito fillos, os milesios, os que partindo dende as costas galegas xunto aos nove irmáns de Ith, conquistaron Irlanda.

Este grupo está comandado por Marcos do Relicario, que fai as voces guturais, cantos e coros, e toca o bouzouki, a zanfona e percusión. Comezou con este proxecto aló polo 2009 nas terras da Serra do Xistral, en te-

rras luguesas, pero debido ó cambio de residencia rematou por terras viguesas, onde foi atopando ao resto dos milesios, cos que deixa rexistradas o longo da pasada década varias maquetas: Cancioneiro da Enxebre Escuridade (2012), Mitolóxica errante: ...e na novena onda caeron os deuses (2014) e Recolleita Dos

Demos que Han de Ser Esquecidos (2016). Esta última foi editada baixo o selo da discográfica Darkwoods, sendo unha edición especial que recompila tódalas anteriores demos xunto a inédita Daqueles vellos ósos onde morre a vida. No 2019 Mileth publica o seu primeiro álbum Catro Pregarias no Albor da Lúa Morta. Foi gravado en Marín nos Zoilo Unreal Studios, unha gravación cun total de quince persoas, contando coa colaboración de músicos que participaran de agrupacións tan recoñecidas

coma SondeSeu, Quemallou ou Rodrigo Romaní Trío.

Comezaron a festa da mellor maneira, dando todo, cunha posta en escena moi coidada, misturando o ambiente folk proporcionado por Xurxo das Cornamusas, coas súas gaitas, frautas e teclados, e pola zanfona ou o bozouki de Marcos, co resto dos instrumentos menos tradicionais, como a batería de Bruno da Chumba, o baixo de Luis da Cruz Alta as guitarras de Xurxo dos Corvais e Xacobe do Seixo Branco, quen tamén fai voces guturais e coros. E coa increíble voz melódica dunha muller moi kañera, Dana da Carballeira, quen leva tamén dende case os principios coa banda.

Foron Dana e súa irmá quen fixeron as delicias dos asistentes coa declamación de poemas e bailes, xogando cun vestiario que remarcaba o sabor pagano da festa, e tamén o máis escuro. Destacou tamén a utilización de pandeiretas ou cantos ancestrais moi ligados á nosa cultura galega. Todo está moi ben orquestrado, a escenografía, o son, os movementos e a increíble resonancia da sala Rebullón, que nos fixeron bailar e



desfrutar dos berros guturais, e notar como os pelos se nos poñían de punta coa aparición do espírito da fraga.

Son unha banda que coida extremadamente non só as súas letras, senón a presentación de todo o seu merchand, as portadas e a fotografía. Creio que podemos dicir que tanto a presentación de Xoio Carmesí, o ilustrador e familia xa da banda, como a fotografía e o formato do álbum están moi ben deseñados. Sabemos que Darkwoods, o seu selo estatal axudou a crear estas edicións tan coidadas, e tamén axudaron na repercusión nos medios especializados e incluso nos medios galegos que normalmente non se fan eco deste tipo de música, como o Zig Zag da TVG. Tamén este grupo conta cun selo internacional, o selo ruso SoundAge, quen pon a desposición da banda todo o que poden.

E ben o merecen, pois esta banda xa tivo o recoñecemento do primeiro premio no XI Concurso “Fran Pérez NARF” da música no ano 2019 e o para o videoclip de Brumas e Salitre dirixido por Xaime Miranda, galardóns nos festivais Primavera do Cine, OUFF e Curtas Armadiña. Uns



premios que veñen poner en valor a enorme labor do grupo por tratar de traer un produto coidado na súa elaboración ata o último detalle. Tal vez por iso mesmo son unha banda que no directo asombra con cantos sons son capaces de misturar. A verdade é que escoitalos nese día foi un gusto para os sentidos, e para o remate da festa, a xente non quixemos irnos sen que repetiran outra. “De bruma e salitre” foi a elixida por aclamación popular, e fixeron que subiran acompañalos os amigos de Cuélebre.

Foi, sen dúbida, unha festa pagana no mellor dos sentidos, con tres voces femininas e os punteos de Xacobe, misturados coa percusión de Víctor e os guturais de Marcos, que arengaba a un público entregado. A verdade é que quedei gratamente sorprendida con toda a forza e bo roio que transmite esta banda. Que ganas de voltar escoitala, vela e sentila no directo. Grazas Mileth por ofrecer este traballo tan ben feito, por traballar incansables para sacar adiante proxectos tan diferentes que leven a nosa cultura por bandeira e poidan facer as delicias dos oídos mais metaleiros.



Sen noticias de Vigosónico

Os seus usuarios seguen sen saber nada das condicións de uso das salas de ensaio

A pesar do anuncio por parte do Concello de Vigo de que as instalacións de Vigosónico reabrirían para un curso de “emprendimiento musical” da Fundación Paideia e que se retomaría tamén a actividade das salas de ensaio, as bandas viguesas seguen sen coñecer nada sobre a reactivación dese servizo. Agrupadas na plataforma Grupos de Vigo en Loita, solicitaran hai máis de dúas semanas unha reunión coa concelleira de Xuventude que non chegou ata o venres 4, xusto un día despois da rolda de prensa sorpresa do Concello coa Fundación Paideia. Nesta reunión non se deu tampouco detalles concretos sobre o funcionamento das salas de ensaio.

Grupos de Vigo en Loita considera que “a reapertura das instalacións é un primeiro paso a celebrar, que se produce gracias ás protestas da xente e que demostra que podería terse realizado moitísimo antes, coa instalación de medidores de CO2 e a renovación dun sistema de ventilación das salas que xa de por si funcionaba inadecuadamente antes da pandemia”. Porén, consideran o anunciado polo Concello ata o momento “totalmente insuficiente”. “O Concello debe publicar inmediatamente as condicións das salas de ensaio e abrir xa a inscrición das bandas para este servizo, así como poñerse en contacto inmediato con todas as bandas previamente usuarias para que recuperen, de desexalo, as súas condicións previas, non se pode facer como se nada despreciando ás bandas que xa ensaiaban alí”, demandan.

Ademais, dende a plataforma critican, “unha vez máis a falla total de información ás usuarias, xa que despois de solicitar a reunión á concelleira esta nos convocou a dúas semanas vista por supostos problemas de axenda, só para facer a reunión despois do anuncio do convenio con Paideia”. “Parece que importaba máis o relato mediático que a opinión e a comunicación cos usuarios”, lamentan, e tamén denuncian “unha falta total de autocrítica do abandono dun servizo fundamental durante tanto tempo, no que ademais se puxo o ma-

terial propio das bandas en perigo ao expoñelo a condicións de humidade e abandono inaceptables”.

Na reunión coa plataforma, a concelleira de Xuventude María del Carmen Lago Barreiro comprometeuse tamén a comezar apoiar aos grupos de Vigosónico incluíndoos nas actividades e concertos do Concello, algo que para a plataforma podería ter sucedido xa no último ano e medio e moito antes, amosando o seu escepticismo ante o que polo momento son “palabras baleiras”. Ao respecto, dende o colectivo afirman que “as bandas de Vigo non precisamos coa-

ching, o que precisamos é o debido apoio das institucións públicas, un apoio que ata o momento non se deu en absoluto, polo que precisamos feitos, non palabras”. Tamén houbo un compromiso verbal de reactivar a Casa da Xuventude, outra das esixencias da plataforma pola situación céntrica das súas salas de ensaio, pechadas dende hai varios anos.

A pesar de que as condicións das salas de ensaio son polo momento descoñecidas, a concelleira de Xuventude si trasladou aos grupos que haberá unha redución do horario dispoñible para a estas, xa que os venres non se poderán empregar, polo menos durante a duración do curso. Os grupos de Vigo protestan tamén contra esta circunstancia, ao tratarse dun dos días de maior dispoñibilidade da xente para ensaiar.

Aínda que o convenio coa Fundación

Paideia indica que o Curso non entraría en contradición co emprego das salas de ensaio, esta circunstancia demostra que si, pasando as salas de ensaio de ser a razón de ser principal de Vigosónico, e a que os grupos demandan, a un segundo plano. Dende a plataforma denuncian que “a convocatoria do curso non responde ás demandas dos grupos, non pode ser que reste horas de ensaio, que é o que si que se demanda”. Os e as artistas organizadas en Grupos de Vigo en Loita esixe tamén que se especifique que persoas de calquera idade, e non só menores de 30 anos, poidan inscribir os seus proxectos musicais para ensaiar en Vigosónico.

